

A MODERNIDADE E O MAR: arquitecturas do borde

A Modernidade e o mar míranse con atracción.

A unha relación tradicionalmente vencellada ao produtivo e á necesidade de protección da terra fronte ao mar, ábrese agora unha fiestra cara a permeabilidade deste borde.

As innovacións técnicas vencelladas á arquitectura do Movemento Moderno, a asunción das bondades sanitarias e de benestar no desfrute destas marxes ou o desexo de inmersión nestas paisaxes, converten o límite terra-auga nun espazo a colonizar. O ciclo percorre arquitecturas que atopan inspiración nas novas formas aerodinámicas dos espazos radicalmente funcionais dos paquebotes, como o Club Náutico de San Sebastián, construído como unha embarcación varada no costa; arquitecturas-paisaxe que se aventuran a construír a liña límite entre auga e terra, como o Museo Louisiana, ao norte de Copenhague, ou as Piscinas de Leça da Palmeira; ou intervencións sobre arquitecturas en desuso vistas agora como oportunidades para a revitalización dun lugar a través da xeración dunha cultura activa, como o Solar da Unhão en Salvador.

Luz Paz Agrad, coordinadora do ciclo

Fotografía: Giovanni Maria Amato

A MODERNIDADE E O MAR: arquitecturas do borde

XANEIRO || FEBREIRO
Real Academia Galega de Belas Artes_ 2025



datas

martes 21 e 28 de xaneiro

martes 4 e 11 de febreiro

hora

20:00 h

lugar

Salón de actos


Real Academia Galega de Belas Artes

Praza Pintor Sotomayor, 1

A Coruña



Real Academia Galega
de Belas Artes



xaneiro 2025

día 21

Solar do Unhão en Salvador de Bahía

Lina Bo Bardi. 1959-63

Fernando Agrasar Quiroga

día 28

Museo Louisiana de Arte Moderno en Humlebæk,
Dinamarca

Bo e Wohlert, 1956-58

Luz Paz Agras

febreiro 2025

día 4

Piscina das Marés en Leça da Palmeira, Matosinhos,
Porto

Alvaro Siza, 1961-66

Felipe Peña Pereda

día 11

Clube Náutico de San Sebastián

Aizpurúa e Labayen, 1928-29

Patricia Sabín Díaz e Enrique M. Blanco Lorenzo